Alfonso de Lis, portavoz dos socialistas de Gondomar, manifestou que o seu grupo municipal abstívose na última sesión plenaria á aprobación do funcionamento da gardería municipal, porque considera que "o convenio con Vicepresidencia era lesivo para os intereses dos cidadáns de Gondomar".

Por outra banda os populares pediron onte ao alcalde "que se deixe de victimismos e demostre que é capaz de gobernar". Manifesta que «culpar de todo a oposición é ou camiño máis doado, pero a xente non lle serve de nada porque vos problemas non soluciónanse, e a gardería segue pechada e sen data de apertura».

Silva asegura que que o seu grupo votou en contra de integrar o centro na rede de galescolas porque cre que non era vantaxoso para o Concello, entre outras cousas porque lle custaría ao concello case 150.000 euros anuais.

Abstención dos socilistas.

O voceiro do Grupo Municipal Socialista e Gondomar, asegura que “non se opuxo a instauración dunha Galescola ”, xa que se abstiveron en base a que consideran que o citado convenio era lesivo para os intereses dos gondomareños ao descoñecerse en que termos contractuais quedaba o concello nte a Vicepresidencia da Xunta.

Segundo De Lis, o convenio facía mención as cláusulas establecidas no ANEXO ADXUNTO, e que este, en ningún momento foi entregado para súa valoración xurídica aos socialistas. Así mesmo, tampouco salientábase o gasto orzamentario que supuña para o concello.

Os socialistas consideran un agravente que o consorcio encargado de xestionar a Galescola ten representación do 51%, a contratación directa do persoal do centro, a elección das prazas entre outras xestións," deixando aínda mais esprotexida a xestión do noso concello en mas dos citado consorcio."

De Lis considera que o convenio da Galescola do concello de Gondomar merece un trato

especial por parte da Vicepresidencia da Xunta, ao cederlle o concello o terreo e gardería xa construída e lista para funcionar. Cree que "non podemos perder nin ceder patrimonio municipal libremente, senón todo o contrario, que sexa a Xunta, na que en todo caso inverta en Gondomar en beneficio de tódolos gondomareños".

Por outra banda, De Lis adianta "que está disposto non solo falar da Galescola para Gondomar, unha vez que se clarifique en que termos contractuais será asinado o convenio, senón tamén a acompañar o goberno na xestión necesaria para que o noso concello saia do estancamento no que se atopa; pero lémbralle que para elo, é necesario contra co dialogo e consenso necesario de tódolos grupos políticos, salvo que polo contrario crea el solo en minoría, sexa capaz de facelo sen por en risco os intereses de Gondomar".